

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

5069 *ORDE TAS/711/2008, do 7 de marzo, pola que se modifica a Orde TAS/3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación. («BOE» 66, do 17-3-2008.)*

A Orde TAS/3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación, relaciona no artigo 2.2, en catorce epígrafes, os documentos acreditativos que permiten a inscrición como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego e axencias de colocación dos traballadores estranxeiros non comunitarios, coas condicións que posteriormente se describen nos artigos do 3 ao 15, e nas disposicións adicionais primeira e segunda desta. Na dita relación observouse a falta dunha epígrafe que faga referencia ás certificacións expedidas polas oficinas de estranxeiros ou, en defecto destas, polas áreas ou dependencias de Trabajo e Asuntos Sociais, polo que se propón, por medio desta orde, incluír no citado artigo unha nova epígrafe na que se mencionen as ditas certificacións como documento acreditativo que habilite para a inscrición como demandantes de emprego. Así mesmo, na disposición adicional segunda da citada orde, onde se fai referencia ás ditas certificacións, débese sinalar que os traballadores se encontran en situación de estadia ou residencia.

Ademais, esta orde modifica a redacción dos números 2 e 3 do artigo 3 co obxecto de facer unha clara distinción entre o concepto de autorización de residencia permanente e a tarxeta de identidade de estranxeiro que documenta a dita autorización e, igualmente, mellórase a redacción do número 1 dos artigos 4 e 5 separando o seu contido en dous parágrafos; o primeiro alude á posibilidade de inscrición como demandantes de emprego e o segundo ao acceso á situación de residencia e traballo por conta allea, para evitar unha interpretación non correcta segundo a cal a posibilidade de inscrición como demandante de emprego estaría condicionada á existencia dunha oferta de emprego previa.

Por outra parte, o artigo 6.1 da citada orde establece que a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios en posesión dunha autorización de residencia temporal polas circunstancias excepcionais a que se refiren os números 4 e 5 do artigo 45 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a

súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, vén amparada polo artigo 98.3 do citado regulamento. Segundo unha interpretación máis correcta deste, o que habilita os traballadores estranxeiros titulares das ditas autorizacións de residencia temporal a acceder a unha situación de residencia e traballo por conta allea viría establecido no segundo parágrafo do número 7 do artigo 45, non no artigo 98.3, polo que se propón modificar o artigo de referencia neste sentido.

Na súa virtude, e de acordo coas facultades conferidas na disposición derradeira primeira do Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, logo do informe do Ministerio do Interior e da Comisión Intermunicipal de Estranxeiría e logo da aprobación da ministra de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde TAS/3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación.

A Orde TAS/3698/2006, do 22 de novembro, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación, queda modificada como segue:

Un. Engádese unha letra ñ) ao artigo 2.2, coa redacción seguinte:

«ñ) Certificacións expedidas, para os estranxeiros en situación de estadia ou residencia, polas oficinas de estranxeiros ou, en defecto destas, polas áreas ou dependencias de Trabajo e Asuntos Sociais, durante os tres meses anteriores á solicitude da inscrición, segundo o establecido na disposición adicional segunda desta orde.»

Dous. Os números 2 e 3 do artigo 3 quedan redactados como segue:

«2. Igualmente se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares das tarxetas de identidade de estranxeiro caducadas que documenten unha autorización de residencia permanente a que fai referencia o número anterior cando acrediten ter solicitado a renovación da dita tarxeta con copia da solicitude.

A renovación deberase ter solicitado cunha antelación de 60 días naturais previos á data da súa expiración, e poderase, non obstante, ter soli-

citado dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido no número 2 do artigo 74 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no número anterior, se a solicitude non se resolveu, entenderase estimada de acordo co establecido no número 2 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro e, por tanto, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas tarxetas caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo.»

Tres. O número 1 do artigo 4 queda redactado como segue:

«1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal que leven, polo menos, un ano en situación de residencia legal.

Para acceder á situación de residencia e traballo por conta allea, os ditos estranxeiros farano de conformidade co establecido no artigo 96.1 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia que leven, polo menos, un ano en situación de residencia legal, a acceder á situación de residencia e traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente solicitude de autorización para residir e traballar e se cumplan os requisitos do artigo 50, excepto as letras a) e f).»

Catro. O número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por teren sido reagrupados aínda que leven menos dun ano de residencia legal.

Para accederen á situación de residencia e traballo por conta allea, os ditos estranxeiros farano de conformidade co establecido no artigo 96.3 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por teren sido reagrupados, aínda que leven menos dun ano en situación de residencia legal, a acceder á situación de residencia e traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente solicitude de autorización para residir e traballar e se cumplan os requisitos do artigo 50, excepto as letras a) e f).»

Cinco. O número 1 do artigo 6 queda redactado como segue:

«1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen nin-

gunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais, por razóns humanitarias, por colaboración coas autoridades administrativas, policiais, fiscais ou xudiciais ou cando concorran razóns de interese público ou de seguranza nacional a que se refiren os números 4 e 5 do artigo 45 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Para accederen á situación de residencia e traballo por conta allea, os ditos estranxeiros farano de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 7 de dito artigo, que habilita os estranxeiros titulares desta autorización de residencia temporal a solicitar persoalmente e acceder a unha autorización para traballar, se cumpren os requisitos establecidos nas letras b), c), d), e e) do artigo 50. Non obstante, os requisitos a que se refire a letra c) do artigo 50 acreditaranse nos termos establecidos no número 3 do artigo 51 deste regulamento.»

Seis. O primeiro parágrafo do número 1 da disposición adicional segunda queda redactado como segue:

«1. Poderanse inscribir nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación os estranxeiros en situación de estadía ou de residencia que porten certificación expedida para tal fin polas oficinas de estranxeiros ou, en defecto destas, polas áreas ou dependencias de Traballo e Asuntos Sociais, cando acrediten que se encontran nalgún dos seguintes supostos:»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de marzo de 2008. O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

5158 *ORDE TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.* («BOE» 67, do 18-3-2008.)

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, recolle a formación de oferta, entendida como aquela que ten por obxecto facilitarlle aos traballadores, ocupados e desempregados, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda aos requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores, capacitándoos para o desempeño cualificado das diferentes profesións e para o acceso ao emprego.

Esta orde desenvolve a devandita formación de oferta desde un primeiro e ambicioso obxectivo, o de integrar e dar un tratamento coherente e unitario a toda a formación de oferta que se dirixa ao conxunto de traballadores, que transcenda a visión estanca de, por un